

2014 / 2015

GUÍA DIDÁCTICA

“XOGAMOS COAS SÍLABAS”



DIEGO RODRÍGUEZ BATISTA

LICENZA RETRIBUÍDA (MODALIDADE 1)|

1. TÍTULO

“XOGAMOS COAS SÍLABAS”

2. PARTICIPANTES

Diego Rodríguez Batista

3. MATERIA E CURSO

Alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. Atención educativa.

4. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Este proxecto vai dirixido a nenos con dificultades de tipo disléxico. O seu obxectivo é traballar a lateralidade, as nocións espazo-temporais, a orde dos sinfóns e o esquema corporal, para minimizar as dificultades na aprendizaxe da lectoescritura. Esta dificultade, está provocada pola confusión na orde secuencial dunha sílaba composta. O lector é incapaz de diferenciar entre sinfóns e sílabas trabadas (“pla” por “pal”, “bra” por “bal”, etc). O alumno le “barsa” onde está escrito “brasa” ou escribe “palnta” en lugar de “planta”. Un alumno con este tipo de confusións, adoita ler e escribir tanto as sílabas trabadas como os sinfóns alterando os fonemas ou a orde das letras na escrita; noutros casos é ao contrario, na escrita está de forma correcta e non así na fala e viceversa. Outros casos que tamén se poden dar, é que xurda unha asociación cruzada, é dicir, que tódalas sílabas trabadas sexan lidas como sinfóns e viceversa, tamén se pode dar unha lectura ao azar, debido a que o alumno non sabe ler ou non discrimina adecuadamente ambas sílabas. Outros erros aparecen asociados a unhas palabras determinadas, case sempre as mesmas, no resto do

texto, estas sílabas non son confundidas. Outra posibilidade que se pode dar, é resultado de efectuar unha confusión entre sílabas, que provoque unha lectura de tipo imaxinativo ou un cambio semántico.

Este tipo de confusións poden estar **orixinadas por:**

-  Tendencia á inversión.
-  Desorientación dereita -esquerda.
-  Deficiencias mnemónicas.
-  Fallos na aprendizaxe das sílabas.
-  Formación de engramas incorrectos establecidos en aprendizaxes anteriores..
-  Outros factores.

Dadas as frecuentes dificultades da lectura e da escritura de sinfóns atopadas nos primeiros cursos de Educación Primaria, neste proxecto, deseñaranse actividades para a discriminación e afianzamento dos diferentes sinfóns , na posición inicial, media e final da palabra. Terá como finalidade, favorecer unha lectura comprensiva e unha correcta escritura expresiva; para así, deste xeito, minimizar as dificultades de aprendizaxe provocadas polas alteracións na orde de letras ou fonemas. Estas sílabas poden supoñer maior dificultade para o neno/a, tanto no momento da súa aprendizaxe de forma oral (na súa pronuncia), como no momento da súa aprendizaxe na forma escrita.

Este proxecto divídese en 7 unidades didácticas. En todas se traballara a lateralidade, as nocións espazo- temporais e a lectura comprensiva de sinfóns. Algunhas posuirán dúas partes:

- **Unidade didáctica 1:** B (bl e br).
- **Unidade didáctica 2:** C (cl e cr).
- **Unidade didáctica 3:** D (dr).
- **Unidade didáctica 4:** F (fl e fr)

- **Unidade didáctica 5:** G (gl e gr).
- **Unidade didáctica 6:** P (pl e pr).
- **Unidade didáctica 7:** T (tr).

5. RELACIÓN DE CONTIDOS CURRICULARES QUE SE VAN A DESENVOLVER

Partindo da **Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa** (Lei 8/2013 do 9 de decembro) o **Real Decreto 126/2014 do 28 de febreiro**, que establece os contidos mínimos para toda a nación e o currículo de Educación Primaria, e o **Decreto 105/2014 do 4 de setembro** que establece o currículo para a Ed. Primaria na nosa comunidade, os contidos curriculares que se van a traballar son os seguintes:

5.1 COMPETENCIAS

*Considérase **Competencia Básica** como «A capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes, como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar».*

Dende unha perspectiva global e sistémica este programa favorecerá ao desenvolvemento das seguintes **competencias**:

- 1.º Comunicación lingüística (CCL).
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3.º Competencia dixital (CD).
- 4.º Aprender a aprender (CAA).
- 5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).

6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe de máis de unha competencia ao mesmo tempo.

Potenciarase o desenvolvemento das competencias Comunicación lingüística, Competencia matemática y competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

5.2 OBXECTIVOS XERAIS.

Os obxectivos determinan **QUE ensinar** aos nosos nenos e nenas, polo que neste proxecto contribuiremos á consecución dos seguintes **obxectivos de etapa**:

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- e) Conocer e empregar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
- h) Conocer aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- i) Iniciarse na utilización, para o aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

Estes obxectivos de etapa concrétanse para cada unha das áreas, neste caso centrarémonos nos de ***Lingua Galega***.

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito dun xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar a información, así como para escribir textos propios do ámbito académico.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse as obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
- Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas do uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
- escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados

na aula e coa axuda de modelos.

■ Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse.

5.3 OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Os obxectivos específicos que buscamos acadar con este proxecto son:

- ◆ Desenvolver habilidades sensomotoras fundamentais por medio do proceso lector.
- ◆ Desenvolver habilidades visuais básicas.
- ◆ Diferenciar e discriminar os diferentes grupos de sinfóns.
- ◆ Mellorar a atención e motivación do neno.
- ◆ Lectura/escritura de palabras. Discriminación visual.
- ◆ Desenvolver a comprensión lectora.
- ◆ Iniciarse na adquisición do hábito e o gusto pola lectura.
- ◆ Comprender o sentido global de textos de nivel adecuado e responder, oralmente e por escrito, a preguntas.
- ◆ Integrar o neno con dificultades na aula.
- ◆ Desenvolver aspectos perceptivos da linguaxe: atención, discriminación de sons e fonemas, así como a conciencia fonolóxica a nivel de palabra, sílaba e fonema.
- ◆ Participar no proceso de ensino- aprendizaxe.
- ◆ Familiarizarse e utilizar diferentes soportes dixitais.
- ◆ Valorar as TIC como parte do proceso de ensino- aprendizaxe.
- ◆ Utilizar estratexias non lingüísticas para comunicarse.
- ◆ Recoñecer e utilizar os aspectos fonéticos característicos da lingua galega.
- ◆ Relacionar a forma escrita e a súa pronuncia.

5.4 CONTIDOS

Os contidos na área de Lingua Galega están divididos en 5 bloques de contidos: Comunicación oral: falar e escoitar, comunicación escrita: ler, comprensión escrita: escribir, coñecemento da lingua e educación literaria. Tendo en conta as necesidades deste proxecto, traballaremos os seguintes:

5.4.1. Comunicación oral: *falar e escoitar:*

- Participación e cooperación en situación de comunicativas de aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos).
- Comprensión de información audiovisuais procedentes de diferentes soportes establecendo relación de identificación, clasificación e comparación entre elas.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuado.

5.4.2. Comunicación escrita: *ler:*

- Utilización e valoración de aspectos iconográficos e tipográficos como axuda a localización e comprensión de información textual. Comprensión de información concretas en textos de uso cotiá.
- Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente noticias.
- Lectura de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectora.

5.4.3. Comprensión escrita: *escribir*

- Producción e reescritura de textos relativos a situación cotiás infantís .

- Composición de textos sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.
- Adquisición progresiva das convencións do código escrito.
- Interese pola escritura como instrumento de relación e aprendizaxe.
- Identificación da palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.
- Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

5.4.4. Coñecemento da lingua

- Observación das diferenzas entre a lingua oral e a escrita.
- Recoñecemento da relación entre o son e a grafía no sistema lingüístico galego.
- Identificación da palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.
- Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

5.4.5. Educación literaria.

- Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e fonte de coñecemento.

5.5 INTERDISCIPLINARIEDADE

Dado que as dificultades na lecto- escritura afectan a todas as áreas, todos os mestres implicados no proceso de ensinanza- aprendizaxe deben de coñecer o programa.

A pesar de que se levará a cabo na área de “ Lingua Galega”, será necesaria a colaboración dos outros mestres que impartan outras materias. (posto que tamén pode ser empregado noutros momentos que se considere oportuno como de lecer, reforzo ou premio).

A mellora da lecto–escritura favorecerá o traballo en todas as áreas (Lingua Castelá, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Matemáticas...), polo que a coordinación entre os docentes será tan importante.

5.6 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Existe un conxunto de aspectos aos que a sociedade é especialmente sensible nos últimos anos (consumismo, saúde,...), e que pola súa relevancia deben ser tratados en todas as áreas do currículo; Son os elementos transversais. Estes contidos teñen que ser desenvolvidos en todas as áreas do currículo, a través deste proxecto traballaremos directamente os seguintes valores:

Educación para a paz: sendo os ritmos de aprendizaxe da lectura moi diferentes entre os nenos e nenas, búscase que respecten estas diferenzas entre eles.

Educación moral e cívica: os nenos aceptarán diferentes maneiras de ver o mundo, aprendendo, comparando e respectando diferentes aspectos educativos e sociais.

Educación para o tempo de lecer: trátase de que adquiran a lectura como un hábito agradable para pasar o seu tempo libre.

6. DISTRIBUCIÓN DO PROXECTO

- Tendo en conta os contidos que se van a traballar, o proxecto está destinado para levarse a cabo con aqueles nenos, que tras unha avaliación inicial mostren dificultades nalgún ou en varios grupos consonántico; polo que o desenvolvemento de dito programa levarase a cabo no primeiro trimestre, para minimizar as dificultades do alumno na escritura e na lectura ó longo do curso. Componse de 7 unidades didácticas totalmente abertas e flexibles, para que o profesor as poida adaptar as necesidades de cada neno.

- En tódalas unidades didácticas plantexaranse: exercicios de asociación (grafema-objecto mnemotécnico), exercicios de clasificación (obxectos e palabras), exercicios para enlazar palabras cos seus correspondentes debuxos, actividades de identificación e discriminación de sinfóns, actividades para enlazar palabras coas sílabas que conteñan, exercicios de discriminación visual e para traballar a atención, a discriminación auditiva, a asociación auditiva –imaxe- grafía... Do mesmo xeito, traballarase en tódolos exercicios a orientación espacial e temporal, ao mesmo tempo que se pon en práctica o proceso lectoescriptor.

- Tódalas unidades deste proxecto, estrutúranse do mesmo xeito. Primeiro preséntanse varias diapositivas, nas que se presentan imaxes xunto co seu nome; estes nomes, conteñen sinfóns ou sílabas trabadas coa dificultade que queremos traballar. Nesta presentación, podemos escoitar tamén a pronuncia de ditas palabras.

Despois desta presentación, comencian unha serie de actividades, primeiro asóciase tamén o sonido das palabras e logo desaparece este apoio, a medida que avanza os xogos.

- As actividades serán do mesmo tipo en cada unha das unidades didácticas. Serán tales como: relacionar a palabra coa imaxe, clasificar as imaxes ou palabras segundo a sílaba que conteñan, ordenar as letras para formar palabras, buscar parellas de palabras coa dificultade a traballar, relacionar sílabas para formar palabras, escoller as palabras que conteñan determinada sílaba ou sinfón, ... En cada actividade, daránse as indicacións a realizar polo alumnado, para superar éstas.

As unidades a traballar, serán as seguintes:

- **Unidade didáctica 1:** B. (bl e br).
- **Unidade didáctica 2:** C (cl e cr).
- **Unidade didáctica 3:** D (dr).

- **Unidade didáctica 4:** F (fl e fr).
- **Unidade didáctica 5:** G (gl e gr).
- **Unidade didáctica 6:** P (pl e pr).
- **Unidade didáctica 7:** T (tr).

7. AVALIACIÓN

Calquera modalidade de intervención educativa esixe unha avaliación da situación inicial, co obxecto de poder establecer tanto as pautas educativas ou re-educadoras, case sempre de acordo a un referente normativo, como os criterios de progreso na aplicación de devandita intervención.

Non só debe avaliarse o proceso de aprendizaxe do alumno, senón tamén o proceso de ensinanza. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua dos alumnos será necesario engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades de ensino deseñadas, dos recursos materiais e persoais utilizados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación de alumnos, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor.

A avaliación da propia práctica docente do profesorado, ben sexa de forma individual ou do conxunto do equipo docente, revélase como unha das estratexias de formación máis potentes para mellorar a calidade do ensino e aprendizaxe.

A avaliación da intervención educativa debe ser continua, xa que logo, convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios adecuados no momento oportuno. Con todo, dadas as características dos diferentes elementos do proceso e dos documentos en que se plasman, podería dicirse que hai momentos especialmente indicados para recoller a información.

7.1 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. _____

Unha novidade no noso contexto educativo que nos aporta a LOMCE é a introdución no currículo de todas as áreas, xunto aos bloques de contidos e aos criterios de avaliación, son os “estándares de aprendizaxe”. Os estándares de aprendizaxe avaliáveis están chamados a constituírse no currículo real: marcarán o referente de indicadores para a avaliación e a promoción. O D 105 e o RD 126 indican que, “teñen que ser observables, medibles e avaliáveis xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables”. Verémoslos a continuación relacionados con cada criterio de avaliación.

7.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN _____

 Comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais.

Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos, e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión. Preténdese avaliar o desenvolvemento da capacidade de comprensión de producións orais cotiás. Avaliase especialmente o recoñecemento de ideas principais, a habilidade de seleccionar a información necesaria segundo o obxectivo e a capacidade para facer algunhas deducións a partir do escoitado.

 Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.

Téntase constatar a capacidade para expresarse en diferentes contextos comunicativos usando o léxico, as formas lingüísticas, o ton, a entoación e a pronuncia axeitados, e a de iniciar e soste unha interacción comunicativa. Atenderase á coherencia e

á potenciación da mensaxe con aspectos non verbais como xestos, posturas ou movementos. Observarase a habilidade para narrar situación reais ou imaxinadas.

 Memorizar e reproducir textos orais propios da literatura popular galega empregando a pronuncia e entoación adecuadas.

Quérese observar o coñecemento dalgúns textos da literatura oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións ditos, ..) adecuados ao seu interese, nivel e contorno. Detectar e comprender a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido. Este criterio pretende avaliar a capacidade de localizar e extraer a información relevante de textos escritos variados, así como de elaborar inferencias directas a partir de datos presentes neles.

 Interpretar as ideas contidas nos textos escritos habituais (expositivos, informativos, instrutivos e literarios), tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.

Comprobarase se o alumnado establece relación entre os seus coñecementos previos e as súas experiencias e a información contida no texto. Verificarase o uso de estratexias de comprensión baseadas na anticipación de hipóteses, na explicitación dos obxectivos ou propósitos lectores, na interpretación de indicadores textuais, paratextuais e contextuais e de estratexias de resolución de dificultades léxicas (uso de dicionarios, dedución polo contexto) e de integración (reler, retroceder).

 Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impresso e/ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) e literarias (contos, poesías, cómics) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.

Trátase de avaliar a capacidade de producir textos escritos instrutivos, expositivos, informativos ou literarios, relativos a situacións cotiás, escolares e sociais, en que se valorará o plan establecido, a textualización que recolla a corrección ortográfica e a revisión

do escrito. Tamén se valorará o uso dos medios informáticos para a presentación.

7.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os **instrumentos de avaliación** deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e de contidos curriculares.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar sen introducir variables que distorsionen os datos.
- Utilizar distintos códigos (verbais, icónicos, gráficos, numéricos, audiovisuais,...) de modo que se adecúen ás distintas aptitudes sen que o código obstaculice o contido que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións estruturadas da actividade escolar.
- Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade.

Os **instrumentos** que utilizaremos serán os seguintes:

- **Avaliación inicial ou de diagnóstico** na que se recollerá información a través da observación directa dos alumnos en situación de interacción cos demais, ver se teñen algunha dificultade para pronunciar ou ler algunha palabra determinada que conleve sinfón.
- **Avaliación continua a través do Diario do profesor:** o profesor realizará un inventario cacográfico: farase un rexistro a partires das observacións dos profesores sobre os escritos escolares. Cada vez que o alumno lea ou escriba unha palabra na que confundida un sinfón cunha sílaba trabada, escribirase na Folla de rexistro. As palabras escritas erroneamente deberán ser analizadas e propostas para o seu reforzo.
- **Auto- avaliación dos alumnos:** é moi importante que os alumnos e alumnas sexan conscientes do que aprenden e do que non aprenden, por iso deben autoavaliarse para

observar os seus progresos. O propio proxecto, posúe, por unha banda, un botón para comprobar se a actividade realizada é correcta, e outra banda, para ver a relación das actividades realizadas correctamente e as veces que se precisaron os alumnos para acadar o obxectivo proposto.

- **Auto- avaliación do profesorado:** do mesmo xeito tamén é moi importante que o profesorado que leva a cabo o programa se avalíe e si é necesario que realice os axustes necesarios para a consecución dos obxectivos previstos por parte do alumnado.
- **Rúbricas:** ítems ou asertos descritivos como as listas de control que admiten unha apreciación cuantitativa dos datos o que leva a unha interpretación cualitativa máis sinxela.

Un exemplo de *Rúbrica* para este proxecto sería.

CRITERIO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	NIVEL DE ADQUISICIÓN			
		1	2	3	4
Comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais.	<i>Comprende as mensaxes que escoita atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos.</i>				
	<i>Mostra a capacidade de comprensión de producións orais cotiás.</i>				
	<i>Selecciona a información necesaria segundo o obxectivo.</i>				
	<i>Posúe a capacidade para facer algunhas deducións a partir do escoitado.</i>				

1. En vía de adquisición 2. Adquirido 3. Avanzado 4. Excelente

Ademais, os seguintes **indicadores** deberanse ter en conta a fin de establecer unha avaliación plena do desenvolvemento do programa:

- 🕒 Desenvolvemento en clase da programación.

- ⌚ Relación entre obxectivos e contidos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.
- ⌚ Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- ⌚ Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

8. DESCRIPCIÓN DO SOPORTE E FERRAMENTAS EMPREGADAS PARA PRESENTAR O MATERIAL E O USO DIDÁCTICO QUE SE PRETENDE COAS TIC.

Para levar a cabo este proxecto empregamos como soporte principal as Tecnoloxías da Información e das Comunicación (TIC). A utilización das TIC e das ferramentas informáticas na docencia é un medio que se emprega cada día máis polo seu alto valor educativo.

Vivimos nun mundo dixital, e os alumnos están acostumados a utilizar de maneira cotiá este tipo de tecnoloxías, o cal representa unha gran vantaxe da que podemos facer uso na ensinanza.

Outra das razón de empregar este tipo de tecnoloxías, é que, ao posuír os contidos en formato dixital, a súa modificación ou adaptación a casos particulares é moi sinxela, podéndose crear novos recursos a partir dos recursos xa creados, o que xera un proceso de “*feedback*” ou retroalimentación, moi importante e beneficioso para a comunidade educativa.

Concretamente, este proxecto ten como soporte principal o software **EDILIM**. A utilización deste software é unha das maneiras máis sinxelas e con máis posibilidades á hora de crear e por en práctica na aula contidos dixitais.

Todos os contidos se presentan nun arquivo EDILIM. Para desenvolvelo, foi necesario o emprego de diferentes ferramentas que permitiron adaptar os diferentes recursos xerados a plataforma EDILIM. Empregáronse na súa elaboración programas ou ferramentas, todas en Software Libre e gratuítos. Para o tratamento de imaxes empregouse a ferramenta **FORMAT FACTORY**, coa que se pode manipular ou mudar de formato calquera imaxe. Todas as imaxes empregadas son de reutilización libre, e obtivéronse de bancos de imaxes gratuítas e con licencia Creative Commons.

Tamén se empregaron ferramentas de edición de sons, como **AUDACITY**. Todos os sons empregados, foron de creación propia.

9. ORGANIZACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROXECTO E CALENDARIO DE APLICACIÓN

Este proxecto foi deseñado, como apoio para aqueles alumnos que posúan dificultades coa lectura e escritura de sílabas trabadas e sinfóns ao comezo do seu proceso lectoescritor. Sen embargo, pode ser empregado en calquera outro momento puntual, por exemplo, cando o mestre o estime oportuno, por detectar algún tipo de problemática no proceso lectoescritor dos seus alumnos ou por haber unha regresión en dito proceso.

10. CONCLUSIÓN: MENCIÓN Á RELACIÓN CO TRABALLO DE AULA.

O gran desafío co que se atopa actualmente a escola nos primeiros cursos, é cunha correcta aprendizaxe da lectoescritura, como base indispensable para favorecer o asentamento dos coñecementos posteriores, así como para unha correcta utilización e emprego da lingua.

É tarefa dos docentes favorecer o desenvolto das aprendizaxes dos alumnos, xa que estes medran física e psiquicamente, desenrolando o seu potencial en función da estimulación que reciben. Deste xeito, o desenvolto integral dependerá da implicación na estimulación das súas capacidades.

O traballo de aula, supervisado polo mestre, supón moitas veces a única alternativa para solucionar moitos problemas que nela surxan. Proponse por tanto este proxecto, baseado na concepción construtiva da ensinanza - aprendizaxe do proceso lectoescritor, empregando como marco de referencia o emprego das TICs., como elemento motivador e reforzador do traballo de aula, desenrolando destrezas, estratexias e habilidades para favorecer o desenvolto lingüístico integral do alumnado. Por outro lado, favorece a participación e interacción na clase, facendo mais flexible o traballo e favorecendo por outra banda, o agrupamento dos alumnos.

Posto que *“sen motivación non é posible a aprendizaxe”*, este proxecto pretende servir como elemento motivador e reforzador do proceso lectoescritor, así como axudar e guiar ao alumno na adquisición, lectura e escritura dos sinfóns.

11. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA.

BIBLIOGRAFÍA

- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, M^a.J.(1989): “Problemas escolares: dislexia, discalculia, dislalia”, Madrid: Cincel-Kapelusz.
- BRAVO VALDIVIESO, L.(1995): “Lenguaje y Dislexia. Enfoque cognitivo del retardo lector”, Chile: Servicio de Publicaciones de la Universidad Católica de Chile.
- CALVO CELLORRIO, A.C.(1992): “Especificidad de la relación entre conciencia segmental y aprendizaje de la texto-escritura en la dislexia”, Logroño: Inst. de Estudios Riojanos.
- BERNARDO GUTIERREZ, I.(1993): “Tratamiento psicomotor y conductual en la dislexia”. Oviedo: Universidad.
- DUEÑAS, M^a.(1987): “Tengo un niño disléxico”, Madrid: Temas de Hoy.
- MARCHESI, COLL, PALACIOS (1990), Necesidades educativas especiales y aprendizaje escolar. Madrid. Alianza editorial.
- MARCHESI, COLL, PALACIOS (2002) Desarrollo psicológico y educación. Trastornos del desarrollo y necesidades educativas especiales. Madrid. Alianza editorial.
- DSM-IV TR (2005) Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales. Barcelona. Masson.
- RIVAS TORRES, ROSA M^a. Dislexia, disortografía y disgrafía. (2004) Madrid. Pirámide
- VVAA. Dislexia y dificultades de lectura, una guía para maestros (2002) Barcelona. Paidós.

WEBGRAFÍA:

- ◆ www.ladislexia.net
- ◆ www.aulapt.org
- ◆ www.elmaletindefaudicionylenguaje.blogspot.com
- ◆ www.webantoniaortega.com.
- ◆ www.educalim.com
- ◆ <http://www.everystockphoto.com/>
- ◆ <http://www.ite.educacion.es/es/recursos>